

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Santiago de Compostela para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/15999/23

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Sra. alcaldesa :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a XXX con DNI XXX referente a falta de resposta do Concello de Santiago de Compostela tras denuncia por incumprimento das medidas sanitarias na matanza dun porco nunha vivenda do concello.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: En data do 04.12.2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“EU: D^a XXX CON D.N.I. N^o: XXX CON DOMICILIO EN: C/XXX, N^o XXX C.P.: XXX DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

EXPOÑO: FIXEN UN ESCRITO DE DENUNCIA A XEFATURA TERRITORIAL DE SANIDADE (N^oXXX) SOBRE UNA MATANZA ILEGAL NUNHA TERRAZA DO XXX NA C/ XXX NO XX DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. OS PROPIETARIOS DESTE PISO SON: XXX E A SUA DONA XXX QUE VIVEN NA CASA NO XX DA C/ XXX E ALUGARON ESTE PISO A UNS INQUILINOS E ESES INQUILINOS FIXERON A MATANZA CLANDESTINA NA TERRAZA(Fotos) SE VEN COMO OS PROPIOS INQUILINOS ESTÁN DESCUARTIZANDO O PORCO E FOI A NOITE PARA QUE OS VECIÑOS NON SOUPERAN NADA. ESTA XEFATURA PASOULLE A DENUNCIA O CONCELLO DE SANTIAGO POR SER DA SUA COMPETENCIA QUE ENTRA "PROTECCION DA SALUBRIDADE PUBLICA". ESTE CONCELLO A DIA DE HOXE NON ME DEU RESPOSTA ALGUNHA.

SOLICITO: INVESTIGACION DO PORCO MORTO, PROCEDENCIA, GUIA, E PENSO QUE DENTRO DA CIDADE DE COMPOSTELA ESTÁ PROHIBIDO REALIZAR MATANZAS DE PORCOS, PAGO DO

TRANSPORTE ADAPTADO, EU PENSO QUE NON TEÑEN NINGUNHA DESTAS MEDIDAS SANITARIAS PORQUE REALIZARON A MATANZA DE NOITE, E DESCUARTIZARON O PORCO EN PARTES OS PROPIOS INQUILINOS DESTE PISO, ENCIMA DE UN PALET DE MADEIRA (VER FOTOS) ESPERO QUE SE TOMEN AS MEDIDAS SANITARIAS O RESPECTO QUE ESTO NON VOLVA A OCURRIR.”

Achégase como documentación a copia da resposta notificada pola Consellería de Sanidade á promotora deste expediente de queixa R.S.17694/RX2203608 de 23/11/2023.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Santiago de Compostela con data do 14.12.2023 (R.S. 21562/23).

TERCEIRO.- Con data do 09.01.2024 (R.E. 281/24), recíbese nesta institución un informe remitido *e comercialización dos produtos alimenticios. En concreto, no seu artigo 4 sobre o sacrificio de animais para consumo humano e comercialización de carnes sinala que “a autoridade competente – neste caso a Xunta de Galicia- poderá autorizar o sacrificio para consumo doméstico privado de animais domésticos das especies porcina e equina, sempre que se sometan a unha análise de detección de triquina conforme ao establecido na normativa vixente.*

A Xunta de Galicia conta con alo menos unha disposición que regula esta cuestión, a Orde de 26 de xaneiro de 2018 pola que se regula a Rede integrada de laboratorios de diagnóstico de triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para autoconsumo.

Ademais, a Consellería de Sanidade ten no seu organigrama o Servicio de Seguridade alimentaria á que lle corresponde a realización das seguintes funcións:

a) A planificación, programación, seguimento e avaliación das actividades de control oficial no marco da protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos. Así mesmo, correspóndelle a difusión da información relacionada con ditas actividades.

b) A coordinación técnica da actividade inspectora en materia de seguridade alimentaria.

c) A tramitación en materia de autorización e/ou rexistro de establecementos alimentarios e alimentos no seu ámbito.

e) A xestión dos sistemas de información de control oficial no seu ámbito.

f) En xeral aquelas outras que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

Á vista do exposto anteriormente, enténdese que as competencias neste asunto son da Xunta de Galicia, tanto polo control de sacrificio como pola propia seguridade alimentaria da carne do animal sacrificado que ademais non pode ser comercializado.

Polo tanto, devólvese o expediente á Consellería de Sanidade por ser un asunto da súa competencia.”

No informe da Consellería de Sanidade R.E.2410/24 de 1 de marzo consta o seguinte:

“En relación á solicitude de informe do expediente XXX referente á resposta dada polo Concello de Santiago de Compostela (Expediente XXX) a unha denuncia presentada por D^a XXX sobre a matanza ilegal nunha XXX do XXX piso da calle XXX nº XXX dun porco, esta Dirección Xeral de Saúde Pública INFORMA:

En relación ao punto sobre a matanza ilegal, o denunciante na súa denuncia presentada ante a Consellería de Sanidade (Rex. de entrada 14186/RX3094058) manifesta que os denunciados trouxeron un porco morto e eles despois o descortizaron en partes...” do que se deduce que o sacrificio tivo lugar neutro espazo diferente á terraza do inmobile.

O sacrificio de ungulados domésticos para o consumo doméstico privado está regulado polo Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e régulanse actividades excluídas do seu ámbito de aplicación. Segundo o indicado establécese que este se levará a cabo nos termos que determine a autoridade competente da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta, en particular, as disposicións sobre materiais especificados de risco e os subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano e as disposicións específicas sobre benestar animal segundo recolle o artigo 10 do Regulamento 1099/2009 do Consello, relativo á protección dos animais no momento do sacrificio.

A citada normativa aplica ao momento do sacrificio do animal co obxecto de non causar aos animais ningunha dor, angustia ou sufrimento evitable e en relación coa eliminación axeitada dos subprodutos (sangue, vísceras e contido gastrointestinal) producidos polo sacrificio do animal.

En relación co despece do porco, estes feitos acontecen nunha vivenda particular e son realizados nun ámbito privado no que a Consellería de Sanidade non ten competencia para intervir.

Estes feitos deberían considerarse como una actividade molesta realizada dentro dunha vivencia particular, o que podería quedar baixo o ámbito da Lei da propiedade horizontal que no seu artigo 7 regula as accións de actividades molestas nas Comunidades de propietarios, e tamén, como dixemos, as concernentes á prohibición de actividades insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

Esta acción sanciona as actividades molestas que se desenvolvan nos elementos, servizos ou pertenzas comúns e tamén as que se produzan no interior do piso ou Local como elemento privativo.

Ademais, ditos feitos acontecen nun domicilio particular e son realizados nun ámbito privado no que esta autoridade competente non ten competencias para intervir sen unha orde xudicial previa.

En cuanto á responsabilidade atribuída polo Concello de Santiago de Compostela a esta Consellería, o propio asinante do informe, no primeiro parágrafo do mesmo recoñece que *"non se ten constancia do sacrificio do animal na vivenda"* polo que non debería invocar preceptos normativos relacionados coas condicións de sacrificio do animal, para atribuír responsabilidades a outra administración, toda vez que a norma empregada para elo atópase derogada polo RD 1086/202 do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas do seu ámbito de aplicación.

Así mesmo, o Concello menciona a Orde do 26 de xaneiro de 2018 que regula a Rede integrada de Laboratorios de diagnóstico de triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias da especie porcina para autoconsumo, como outro apuntamento máis da responsabilidade de esta Consellería de Sanidade no tema que nos ocupa. Pois ben, esa Orde o que establece é a responsabilidade desta Consellería radica en facilitar o acceso ao servizo de análise de triquina aos particulares que o soliciten, pero en ningún caso obriga á realización de

ditos exames a todos os animais sacrificados destinados ao autoconsumo, polo que si o interesado non o solicita, non existe obriga algunha para administración para actuar.

En cuanto ás funcións atribuídas ao Servizo de Seguridade Alimentaria polo Decreto 136/2019 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, se ben son certas as recollidas no informe do Concello de Santiago, non poden desmarcarse da misión encomendada á Dirección Xeral de Saúde Pública que non é outra que a mellora da saúde da poboación galega dende unha perspectiva comunitaria, para elo conta coa Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde á que lle corresponde a aplicación das directrices da Dirección Xeral de Saúde Pública en materia de planificación e coordinación dos programas que actúen sobre los factores ambientais determinantes da saúde da poboación galega entre os que están os alimentos que se esta consume e que a nivel orgánico ten adscrito o antedito servizo.

E por elo que as actividades particulares dos cidadáns realizadas no seu domicilio particular non se poden considerar dende unha perspectiva comunitaria senón individual polo que quedan fora das competencias directas de esta dirección xeral.

Por todo o anteriormente exposto, tal e como se indicou no escrito da Xefatura Territorial de Sanidade de A Coruña, esta Consellería de Sanidade non ten competencia para a intervención no domicilio particular do cidadán denunciado polo despece dun porco no seu domicilio, e por iso, esta dirección xeral considera que os feitos denunciados quedarían baixo a competencia da autoridade que teña atribuída a investigación das actividades que puideran considerarse molestas ou ilícitas dentro dun domicilio particular.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta nos informes da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: A promotora deste expediente quéixase de que o Concello de Santiago de Compostela no deu resposta sobre a problemática que refería relativa á matanza dun porco.

Segunda: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.* Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación

coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Terceira: Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta da administración local á problemática exposta pola promotora desta queixa propiciou que transcorrido un período de tempo, se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

No informe remitido polo Concello de Santiago de Compostela a esta institución nada consta sobre a resposta proporcionada a esta veciña.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo debe contestar expresamente o escrito presentado pola promotora deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.



Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo